

ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

QUE É A ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA?

BENEFICIOS DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

O PORTAL 060.es DA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

CATÁLOGO DE SERVIZOS TELEMÁTICOS DA ADMINISTRACIÓN CENTRAL

CATÁLOGO DE SERVIZOS TELEMÁTICOS DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA: XUNTA DE GALICIA

A CERTIFICACIÓN DIXITAL

QUE É A ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA?

A **administración electrónica** ou «**eGovernment**» defínese como a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) nas administracións públicas, asociada ós cambios na organización e novas aptitudes do persoal. O obxectivo da Administración Electrónica é mellorar os servizos públicos, reforzar os procesos democráticos e apoiar ás políticas públicas.

A administración electrónica propón utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para mellorar a calidade e a accesibilidade dos servizos públicos para os usuarios dos mesmos. A administración electrónica pode reducir os custos tanto das empresas como das administracións e facilitar as transaccións entre administración e administrados. Ademais, contribúe a que o sector público resulte máis aberto e transparente e a que os gobernos resulten máis comprensibles e responsables para os cidadáns.

BENEFICIOS DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

En termos de **servizos á poboación**, a administración electrónica xa puido demostrar os seus beneficios para a vida cotidiana dos cidadáns. Facilita non só a obtención da información ofrecida polos poderes públicos, senón tamén as transaccións dos administrados, reducindo os prazos de espera.

Ademais, favorece o establecemento dunha relación directa entre os administrados e os responsables. Grazas, en particular, ós foros en liña, ás salas de debate virtuais e ás votacións electrónicas, os cidadáns poden interrogar directamente ós responsables e expresar a súa opinión sobre as políticas públicas. Na actualidade, as oficinas virtuais e o portal de xanela única estanse convertindo nun cauce máis de comunicación coa Administración para a prestación de servizos públicos á poboación.

No que se refire ós **servizos ás empresas**, as melloras na prestación dos servizos administrativos electrónicos xeran ganancias de produtividade e competitividade. Ganancias debidas á redución non só dos custos dos propios servizos públicos, senón tamén dos custos de transacción para as empresas (tempo e esforzo).

Por **exemplo**, o tratamento electrónico das aduanas e do IVE, así como as declaracións fiscais electrónicas, teñen a vantaxe de acelerar os procedementos mellorando ó mesmo tempo a calidade das xestións. A sofisticación dos servizos en liña, no que se refire a interactividade e oferta de transaccións, progresou máis aínda para os servizos ás empresas que para os servizos á poboación.

O PORTAL 060.es DA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

O portal 060.es constitúe o Portal da Administración Xeral do Estado destinado á relación do cidadán coa administración pública.

O portal comprende dous grandes bloques, un destinado aos cidadáns e outro ás empresas. A través deles podemos acceder a todos os servizos que por medios electrónicos ou telemáticos presta a Administración estatal como autonómica. Os servizos telemáticos que a Administración Central e a Autonómica de Galicia ofertan están especificados, a continuación, no seguinte apartado.

CATÁLOGO DE SERVIZOS TELEMÁTICOS DA ADMINISTRACIÓN CENTRAL

Existen dúas maneiras de interactuar coa Administración, necesitando dunha certificación dixital ou sen necesidade de utilizar este tipo de certificación. A seguinte relación de servizos telemáticos preséntase dividida en base a ese criterio, así pois:

1. Servizos telemáticos que necesitan certificación dixital:

- [Servizo de notificacións telemáticas seguras](#) .
- **Actividade e Contratación Administrativa:**
 - [Secretaríos xudiciais: acceso á aplicación AINO@](#) . Aplicación informativa de nóminas e organización administrativa.
 - [Secretaríos xudiciais: acceso a conta de consignacións e depósitos](#) (Aplicación Banesto).
- **Dereitos, Liberdades e Relacións Cívicas:**
 - [Ministerio do Interior: Rexistro telemático](#) . Permite realizar reclamacións previas á vía xudicial, de indemnización por transportistas, de responsabilidade patrimonial e revisións de oficio.
 - [Servizo de Certificación dos Rexistradores](#) . Permite prestar os servizos necesarios para garantir a seguridade das comunicacións telemáticas nas que interveñan os Rexistradores, a Administración Pública, profesionais e cidadáns en xeral.
- **Economía e Finanzas:**
 - [Axencia Estatal de Administración Tributaria: Impostos sobre a Renda e Patrimonio](#) . Permite o acceso a tramitación electrónica dos procedementos relativos ós impostos sobre a renda das persoas físicas e sobre o patrimonio.
 - [Axencia Estatal de Administración Tributaria: Aduanas e Impostos Especiais](#) . Permite o acceso á tramitación electrónica dos procedementos relativos ó imposto sobre aduanas ós impostos especiais.
 - [Axencia Estatal de Administración Tributaria: IVE sobre servizos electrónicos](#) . Permite o acceso á tramitación electrónica dos procedementos relativos ó imposto sobre o valor engadido, concretamente o que se repercute sobre os servizos electrónicos.

- [Axencia Estatal de Administración Tributaria: Devolucións dos impostos sobre a Renta, IVE, exportadores e Sociedades](#) . Acceso á aplicación sobre as devolucións dos impostos sinalados.
- [Axencia Estatal de Administración Tributaria: solicitude e emisión de certificacións tributarias](#) . Permite solicitar certificacións tributarias que necesite o contribuínte.
- [Axencia Estatal de Administración Tributaria: Recursos](#). Permite ó contribuínte tramitar un recurso en relación cunha actuación da Axencia Tributaria.
- [Axencia Estatal de Administración Tributaria: Consulta de operadores IVE intracomunitarios](#). Procedemento específico para os operadores intracomunitarios do imposto sobre o valor engadido.
- [Axencia Estatal de Administración Tributaria: Consulta de notificacións](#). Permite comprobar o estado das notificacións emitidas pola Axencia.
- [Axencia Estatal de Administración Tributaria: Obtención de etiquetas](#). Pódense solicitar as etiquetas para a presentación dos distintos impostos.
- [Axencia Estatal de Administración Tributaria: Subastas da Axencia Tributaria](#). Permite realizar telemáticamente os trámites para adquirir os bens que enaxena a Axencia Tributaria.
- [Ministerio de Economía e Facenda: Compravenda de valores do Tesouro](#). Permite comprar e vender os valores emitidos polo Tesouro.
- [Características e obtención do certificado clase 2 CA, para uso no ámbito tributario](#). Permite obter o certificado dixital necesario para tramitar electrónicamente procedementos ante a Axencia Tributaria.
- [Ministerio de Economía e Facenda: Solicitude Permisos Importación-Exportación](#). Permite obter os permisos necesarios para proceder ás actividades de importación e de exportación.
- [Sociedade Limitada da Nova Empresa: Obtención do código ID-CIRCE](#). Permite ós emprendedores que desexen crear unha sociedade limitada nova empresa obter telemáticamente o código de identificación do Centro de Información e Rede de Creación de Empresas.
- [Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións: Certificados sobre datos dos rexistros administrativos de mediadores](#).
- [Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións: Certificados sobre datos dos rexistros administrativos do resto de entidades](#).
- [INE \(Instituto Nacional de Estatística\): Oficina Virtual](#). Rexistro telemático, facilita o acceso a servizos telemáticos que nalgúns casos requirirán o uso de firma electrónica.
- **Emprego e Seguridade Social:**
 - [Seguridade Social: Servizos Persoais](#). Permite o acceso ós datos persoais do traballador.
 - [Seguridade Social: Servizos profesionais do Sistema RED](#).
 - [Seguridade Social: Servizos das Mutuas](#).
 - [Seguridade Social: Servizos do Centros Públicos de Saúde](#).
 - [Sistema RED \(remisión electrónica de documentos\)](#). Permite a remisión de documentos e o intercambio de información coas empresas, agrupacións de empresas e profesionais colexiados sobre cotización, afiliación e remisión de partes de alta e baixa de incapacidade temporal.
 - [Instituto da Muller: proxecto C-TEST](#). Ofrece diferentes servizos dentro do mundo laboral do teletraballo dirixido a traballadoras e ás empresas.
- **Transportes, Tráfico e Comunicacóns**
 - [Portos do Estado. Servizos Telemáticos PORTEL](#). Atraques: DUE Sistema de solicitude de escalas.
 - [Correos: Servizos Online](#). Permite o rexistro de usuario, necesario para a utilización do servizo.

- [Correos: Correo Dixital](#). Permite o envío de cartas e postais, a consulta e pago do envío.
- [Correos: Identificación de certificados](#). Permite facer unha alta de relacións de envío ou consulta.
- [Correos: Franqueo electrónico](#).
- [Correos: Identificación de notificacións](#).
- [Correos Prisma](#). Servizo dirixido a empresas, deseñado para envíos non urxentes, nun prazo xusto.

2. Servizos telemáticos que non precisan de certificación dixital:

- **Actividade e Contratación Administrativa:**
 - [Ministerio de Economía e Facenda: Solicitud de postos de traballo convocados mediante concurso ou libre designación](#). Pódese acceder e presentar a solicitude para optar por un posto de traballo convocado polos mencionados procedementos.
- **Ciencia, Tecnoloxía e Innovación**
 - [Comisión do Mercado das Telecomunicacións \(CMT\)](#). Permite darse de alta, baixa ou modificación do rexistro de usuario para acceder ós servizos da web.
 - [INIA. Instituto Nacional de Investigacións Agrarias](#). Rexistro de usuario, permite o envío de currículo, requisito principal para a suscripción a convocatorias.
 - [Tecnociencia: Rexistro de usuario para empresas](#). Punto de encontro entre o mundo da investigación e o da empresa que facilita e promove o intercambio de coñecementos científicos e tecnolóxicos de forma rápida e eficiente, podendo aportar á mesma a súa oferta de contidos e servizos.
 - **Cultura Científica: Campus Virtual do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC)** . Permite o acceso a través do rexistro ó Campus Virtual que ofrece unha variedade de cursos formativos para todo tipo de usuarios.
 - [Instituto de Comercio Exterior \(ICEX\): Aula Virtual](#). Permiten o rexistro para unha selección de conferencia do programa anual de Xornadas e Seminarios sobre o comercio internacional e outros servizos.
- **Comercio e Turismo:**
 - [Museo de Altamira - Compra de entradas](#). Accédese á aplicación para a compra de entradas para poder acceder ó Museo de Altamira.
- **Dereitos, Liberdades e Relacións Cívicas:**
 - [Empregados Públicos: compatibilidades](#). Permite consultar o estado da tramitación das solicitudes de compatibilidades.
 - [Queixas e Suxerencias](#): consulta do trámite de queixas e suxerencias presentadas ó Ministerio de Xustiza.
 - [Solicitud de certificado de nacemento](#). Pódese solicitar a certificación de nacemento por correo electrónico completando os datos que figuran no formulario.
 - [Solicitud de certificado de matrimonio](#). Pódese solicitar a certificación de matrimonio por correo electrónico completando os datos que figuran no formulario.
 - [Solicitud de certificado de defunción](#). Pódese solicitar a certificación de defunción por correo electrónico completando os datos que figuran no formulario.
- **Economía e Finanzas:**
 - [Ministerio de Economía e Facenda: Trámites no Comisionado do Mercado de Tabacos](#). Información específica sobre cómo realizar os trámites máis comúns có Comisionado para o Mercado de Tabacos

- [Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas: Presentación do modelo de Autoliquidación e Pago de Taxas.](#) Permite acceder ós formularios e ás aplicacións para a presentación deste modelo, así como pagar as taxas establecidas por parte dos auditores de contas.
- [Comisión Nacional do Mercado de Valores: Sistema CIFRADO/CNMV \(Sistema de intercambio de información a través da liña Telemática\).](#) Permite a remisión por liña de documentos de carácter administrativo á CNMV, garantido a autenticidade, integridade, confidencialidade e non repudio do envío.
- **Educación:**
 - [Recursos educativos. Internet na escola.](#) Permite acceder a distintos programas educativos distribuídos por áreas educativas.
 - [Cursos. Teleformación sobre infancia e familia para profesionais de acción social.](#) Acceso á formación continua ós técnicos e profesionais que teñen entre as súas funcións a tarefa da atención social.
 - [Ministerio de Xustiza: Instituto de Toxicoloxía.](#) Pódese solicitar inscrición para recibir información sobre cursos, congresos e outras actividades relacionadas coas ciencias forenses e médico legais.
 - [Centro de Estudos e Experimentación de Obras Públicas \(CEDEX\): Formación on line .](#) Acceso ó centro académico virtual onde se permite a suscripción e matriculación en cursos.
 - [Educación: Becas.](#) Permite obter os rexistros e consultas de becas tramitadas polo Ministerio de Educación e Ciencia.
 - [Educación: Publicacións.](#) Boletín de suscripción a publicacións periódicas. Pódese solicitar a suscripción, a baixa, modificación ou renovación da información.
 - [Educación: Publicacións.](#) Boletín de pedidos.
 - [CIBER UNED. Universidade Nacional de Educación a Distancia.](#) Permite acceso a cursos virtuais e correo de alumnos.
- **Emprego e Seguridade social:**
 - [Seguridade Social: Informe de vida laboral.](#) Pódese acceder a todos os datos sociais da vida laboral dun traballador.
 - [Seguridade Social: Informe sobre as bases de cotización.](#) Permite comprobar as bases de cotización feitas polos empresarios respecto a un traballador.
 - [Seguridade Social: Programa de autocálculo de pensións de xubilación.](#) Permite a autoconsulta da cantidade que corresponderá á pensión de xubilación.
 - [Seguridade Social: Consulta de Solicitud de Informes.](#) Permite a consulta do estado da solicitude de informes sen certificado dixital.
 - [Seguridade Social: Informe de Bases e Cotas Ingresadas.](#) Petición do informe de bases e cotas ingresadas no exercicio seleccionado.
 - [A Seguridade Social en liña. Prestacións e servizos ós pensionistas.](#) Permite acceder ós pensionistas aos servizos e prestacións ós que teñen dereito.
 - [Instituto de Emprego: Servizo Público de Emprego Estatal.](#) Comunicación da contratación laboral a través de Internet. Instituto de Emprego: Servizo Público de Emprego Estatal. Comunicación da contratación laboral a través de Internet.
- **Industria e Enerxía:**
 - [Sociedade Estatal de Participacións Industriais \(SEPI\). Acceso á área persoal.](#) Obtención do rexistro para SEPI On line permitindo recibir información, personalizar a súa axenda e outras vantaxas.
- **Infraestrutura, Urbanismo e Vivenda:**
 - [Publicacións.](#) Permite a suscripción a boletíns, suscripción por tempo de consulta (on line) e boletíns de pedidos.

- [Comisión Permanente do Formigón](#). Permite subscribirse para recibir notificacións de variación do contido da web.
- [Portos do Estado: Publicacións](#). Permite a suscripción á revista "Puertos".
- [Portos do Estado: Programa ROM](#) ("Recomendacións para Obras Marítimas"). Acceso ó formulario de suscripción.
- **Seguridade Cidadá:**
 - [Denuncia](#). Permite realizar a denuncia por teléfono, internet ou presencialmente en calquera das comisarias existentes.
- **Transportes, Tráfico e Comunicaciós:**
 - [RENFE: Compra de billetes por internet](#) . Permite reservar e adquirir billetes de RENFE.
 - [Trasmediterranea. Información sobre prazas e compra de billetes](#). Permite reservar e adquirir billetes nos barcos da compañía Transmediterránea.
 - [IBERIA. Compra on line](#). Permite informarse dos voos existentes e realizar reservas e comprar billetes da compañía IBERIA.
 - [Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes de Aviación Civil](#). Permite subscribirse para recibir notificacións de variación do contido da web.

CATÁLOGO DE SERVICIOS TELEMÁTICOS DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA: XUNTA DE GALICIA

1. Servizos dispoñibles con certificación dixital

- [Registro Telemático](#) da Xunta de Galicia. Tramitación electrónica.
- Servizo de [envío de anuncios ó Diario Oficial de Galicia](#).
- [Licitación electrónica](#). Presentación de ofertas e consulta de situación.
- Consulta dos [expedientes iniciados](#) na Xunta de Galicia.
- Consulta do [registro de contratistas](#) da Xunta de Galicia.
- [Oficinas virtuais](#) do ámbito da Economía e Facenda.

2. Servizos dispoñibles sen certificación dixital

- [Cumprimentación electrónica de solicitudes](#).
- Consulta do [estado de expediente administrativo](#).
- [Publicación electrónica de rexistros administrativos](#) (entidades, asociacións, artesanía, maquinaria agrícola, etc.).
- Consulta de [contratación administrativa](#): Procesos de contratación abertos e pregos de prescricións.
- Consulta de [establecementos de acuicultura marina](#) (viveiros, parques de cultivo, granxas...).

- [Registro de Investigadores de Galicia \(RIGA\)](#) - Xestión informatizada da investigación científica e tecnolóxica de Galicia.
- [Oficinas virtuais](#) do ámbito da Economía e Facenda.

A CERTIFICACIÓN DIXITAL

Que é?

O certificado dixital é un documento electrónico formado por un conxunto de requisitos:

Certificado **dixital** =
(clave pública do titular+datos do titular) firmado pola entidade de certificación

Fai posible garantir a identidade do autor dunha mensaxe ou transacción electrónica. Este certificado debe ser emitido por unha Autoridade de Certificación: entidade de confianza encargada de verificar as identidades certificadas.

O uso do certificado dixital garante:

- A **identificación do emisor**. Só pode ter enviado a información a persoa que a firma.
- A **integridade da transacción**. Tense recibido toda a información e esta non foi manipulada por ningunha persoa non autorizada.
- O **non rechazo dos compromisos adquiridos por vía electrónica**. A firma electrónica recoñecida ten o mesmo valor legal que a firma manuscrita.
- A **confidencialidade do envío**. Unha comunicación cifrada pode ser lída polo seu destinatario final e non se puido manipular.

Para que serve?

O certificado dixital permite ó seu titular:

- Identificarse ante terceiros o establecer comunicacións a través de Internet.
- Acceso a servizos telemáticos que requiran certificación dixital.
- Asegurar que a súa identidade non é suplantada.
- Firmar documentos electrónicos con validez legal.
- Protexer a confidencialidade da información enviada.
- Garantir a integridade da información intercambiada entre as dúas partes.

Como obter un certificado dixital de firma electrónica recoñecido?

Este servizo require que dispoña dun certificado dixital persoal estándar X.509 v.3 instalado no seu navegador, con lonxitude de clave 1024 bits, única soportada para a firma con certificados dixitais. As autoridades de certificación admitidas son:

- AC Camerfirma Certificados Camerales.

- Axencia Notarial de Certificación S.L. Unipersonal (Certificados Notariais Corporativos e Personais).
- Axencia Notarial de Certificación S.L. Unipersonal (Certificados para empregados).
- Axencia Notarial de Certificación S.L. Unipersonal (Certificados FERN).
- Axencia Notarial de Certificación S.L. Unipersonal (ANCERT Certificados para Corporacións de Dereito Público).
- ANF Autoridad de Certificación.
- EC-AL Administracions Locals de Catalunya.
- EC-IDCat Entitat publica de certificacio de ciutadans.
- EC-SAFP Secretaria dAdministracio i Funcio Publica.
- Fábrica Nacional de Moneda y Timbre (RCM-FNMT).
- Firmaprofesional, S.A.
- Generalitat Valenciana.
- PSC Banesto Clientes.
- Autoridade de certificación da avogacía.

Comprobe que é o certificado requirido validando que está emitido a seu nome, apelidos e NIF pola entidade emisora ou ben ó CIF e nome da súa entidade.

Verifique tamén que o seu certificado persoal non caducou. No caso de que caducara, renóveo na dirección establecida a tal efecto pola entidade emisora correspondente.

Se non dispón dun certificado dixital pode solicitalo a calquera das autoridades anteriormente citadas. Para obter soporte sobre a súa obtención e instalación pode acudir a súa autoridade certificadora.

Unha vez obtido, instáleo no ordenador persoal desde o que vaia a acceder a estes servizos (no caso de que a solicitude do certificado a realizara desde o mesmo ordenador co que vai a acceder ó servizo, non será necesario, xa que este atoparase instalado no seu navegador).

Ficha actualizada a xuño de 2010